



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA, PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA OLIMPIADA DE BIOLOXÍA E PARA O SEU RECOÑECIMENTO COMO ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Eu, como director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARO:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a Consellería) formalizou co Colexio Oficial de Biólogos de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 30 de outubro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o recoñecemento como actividade de innovación educativa da preparación e acompañamento do alumnado participante na olimpiada científica de Bioloxía, tanto nas súas fases locais como na nacional.

Así mesmo, ten por obxecto promover a formación dos docentes de ensino secundario e a súa actualización metodolóxica e científico-técnolóxica, así como fomentar neles a necesidade dunha aprendizaxe activa e participativa, onde se impulse o método científico e, por último, ampliar as súas competencias profesionais mediante unha formación axeitada en temas de innovación e investigación educativa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Mediante o Real decreto 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recolle nos seus artigos 102, 104, 105 e 106 o compromiso das administracións educativas na planificación da formación permanente do profesorado e no fomento das actividades de investigación e innovación, garantindo unha oferta





diversificada e gratuíta e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado.

No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción de proxectos de investigación e innovación educativa. Que, para este efecto, co obxecto poder actuar en todos os ámbitos sociais, debe colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería, mediante a Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, recolle no seu artigo 37 a homologación a participación do profesorado en proxectos de innovación impulsados polas administracións educativas como actividades de formación permanente. Determina, así mesmo, que a valoración en horas de formación para cada proxecto de innovación virá determinada na convocatoria correspondente ata un máximo de 50 horas por actividade.

Que o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia ten entre os seus fins a promoción e o fomento do progreso da bioloxía, o desenvolvemento científico e técnico da profesión, así como a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade, así como colaborar coa Xunta de Galicia ou con calquera outra Administración ou organismo público no exercicio das súas competencias, nos termos previstos nas leis.

Que é de interese para o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia establecer un programa de acción para incentivar e mellorar o ensino e a aprendizaxe da bioloxía, así como profundar nos coñecementos desta materia no marco do ensino secundario, nos centros de Galicia, a través da organización e desenvolvemento da Olimpíada de Bioloxía.

O proxecto que presenta o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia é único, e a singularidade e características das actividades que se van desenvolver ao abeiro deste convenio na actualidade só as realiza en Galicia o Colexio, polo que non resulta posible promover a concorrência pública para a súa realización.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asino dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

